



Arredor do Coronavirus desde Etiopía

Juan González Núñez¹

1.- Na capital Adís Abeba

Estamos a finais de agosto e fago unha breve viaxe a Adís Abeba, a primeira desde que a COVID-19 asomou polo horizonte alá polo mes de febreiro. Pero, que diferente esta viaxe doutras anteriores! Sempre me gustaba fisgar polos distintos barrios para ver como esta cidade, xa agora unha grande urbe, estaba a transformarse. Esta vez, nada de paseos nin de fisgar; vas ao teu, que procuras que sexa o mínimo indispensable, se compras algo, non te paras a relear, e volves a casa correndo. Se non andas en coche propio, colles un taxi.

Que cambiou? Case nada aparentemente. A mesma cantidade de xente e de coches atega as rúas. Nunha cidade tan grande e conxestionada que, aínda que falte unha boa cantidade de xente ou coches, un nin se decata. O máis visiblemente novo é que todos levan máscara, un éxito non tanto da conciencia cidadá como da contundencia policial. Se non a levas, múltanche. Outro dato visible é que as filas de xente esperando o autobús ou os taxis colectivos, se alongaron quilometricamente. Escasea o transporte público xa que este só pode levar un número moi limitado de pasaxeiros. As demais calamidades que o coronavirus trouxo son menos perceptibles a unha primeira ollada, aínda que sexan máis graves e

¹ Juan González Núñez é misioneiro comboniano en Etiopía. Hai ampla referencia del no número 119 da revista Encrucillada; no artigo asinado por Ramón Cao Martínez «Un ourensán na Etiopía profunda: Juan González Núñez».